



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación: Tutoría e orientación coa familia

Materia	Educación: Tutoría e orientación coa familia			
Código	P02G110V01303			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Gutierrez Manjón, Teresa de Jesús			
Profesorado	Gutierrez Manjón, Teresa de Jesús			
Correo-e	tgmanjon@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Tutoría e Orientación coa Familia, está integrada no módulo de Formación Básica. Impartese no 1º cuatrimestre do 2º curso correspondente ao Plan de Estudos de Educación Infantil. Esta materia pretende ser unha ferramenta eficaz, práctica e operativa para o futuro docente, tratando de situar os procesos de orientación e tutoría no quefacer educativo diario así como establecer plans de acción tutorial partindo dunha formulación educativa inclusiva e altamente personalizada en colaboración coa familia. Cumpre un papel importante no plan de estudos derivado do seu carácter formativo ao ser considerada esta materia como unha peza básica que aglutina os diferentes actos docentes e trata de contribuír a mellora da calidade do ensino			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
C1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
C10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
C11	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar.
C13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e intergeneracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostenible.
C14	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.
C24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
C32	Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación.
C40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados

C60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
C66	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.	A1		C10 C11 C14	D1 D12 D19
Coñecer e desempeñar a función tutorial e orientadora en relación coa educación familiar no periodo 0-6 anos, coordinando a acción educativa referida ao seu grupo de alumnos.	A2	B10	C11 C24	D2 D8 D16 D17 D21
Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.	A4	B10	C1 C10	D3 D8 D18
Relacionar a educación co medio e cooperar coas familias e coa comunidade.	A3		C1 C40 C66	D11 D16 D19
Deseñar estratexias de apoio ás familias para evitar problemáticas de desarraigamento e abandono escolar.	A5		C11	D7 D8 D12 D17
Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.		B10	C10	D11 D12 D17
Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións, con incidencia na formación cidadá.			C40 C66	D6 D9 D12
Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar con respecto aos cambios nas relacións de xénero e intergeneracionais, a multiculturalidade e interculturalidade, a discriminación e inclusión social e o desenvolvemento sostenible.	A3		C13	D1 D7 D12 D13
Promover a integración da familia e da comunidade aos programas de educación especial.				D6 D8 D12
Abordar e resolver problemas de disciplina na aula e conflitos na familia promovendo o traballo cooperativo e o traballo e o esforzo individuais.		B4	C32 C60	D1 D7 D8 D9 D11 D15

Contidos

Tema	
1. Orientación e titoría no marco normativo.	1.1. Marco conceptual e relación entre Titoría e Orientación educativa. 1.2. Titor, titoría e orientación na lexislación española. 1.3. A Orientación en Educación Infantil.

2. A Acción Titorial: organización e planificación.	2.1. Acción Titorial: organización e planificación. 2.1.1. Programación da acción titorial. 2.1.2. Proposta de Plan de acción titorial.
3. Técnicas e instrumentos para a acción titorial e a orientación Educativa.	3.1. A observación 3.2. A entrevista 3.3. O cuestionario 3.4. Análisis de documentos materiais. 3.5. Outras técnicas e instrumentos.
4. Tutoría e orientación familiar	4.1. Período de adaptación. 4.2. O titor ante as necesidades específicas de apoio educativo 4.3. Colaboración bidireccional familia-escola

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	13	35	48
Seminario	2	0	2
Traballo tutelado	18	30	48
Traballo tutelado	15	32	47
Cartafol/dossier	1	1	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Cartafol/dossier	Recompilación do traballo do/a estudante co obxectivo de amosar os seus esforzos, progresos e logros nunha área. A recompilación debe incluír contidos elixidos polo alumno/a, os criterios de selección e evidencias de autorreflexión.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas. O profesorado da materia reunirase co estudante para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. O profesor indicará a temática do exercicio e fará o seguimento da realización do mesmo, a través das tutorías, levadas a cabo a través de medios telemáticos, preferentemente (email, videoconferencia, foros de Moovi).
Traballo tutelado	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Traballo tutelado	Avaliación dos traballos realizados e entregados polos alumnos/as	30	A3	B4 B10	C11 C13	D1 D2 D7 D9 D12 D13 D16 D17
Traballo tutelado	Avaliación dos exercicios e proxectos realizados baixo a supervisión da profesora	40	A2 A4 A5	B4	C11 C13 C60 C66	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D16 D17 D21
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba de coñecemento acerca dos contidos abordados o longo do curso	30	A1		C1 C11 C14 C24 C66	D1 D7 D13

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación que se propón é unha avaliación multicriterio, é dicir, unha avaliación que admite propostas de valoración en todas as actividades que levan a cabo (coñecementos teóricos, prácticos, traballos, exame) permitindo realizar unha valoración integral do alumno/a.

Criterios para superar a materia:

Alumnado asistente: enténdese por alumnado asistente aquel que asiste con regularidade ás clases (mínimo un 80%). Este deberá participar nas modalidades indicadas no apartado de Avaliación e será condición indispensable para superar a materia obter en cada unha delas como mínimo a metade da puntuación.

Alumnado non asistente: enténdese por alumnado non asistente aquel que non asiste con regularidade ás clases (falta máis dun 20%). Este deberá realizar unha proba de coñecementos no que entran todos os contidos da materia, incluídos os abordados nos traballos prácticos. Será condición indispensable para superar a materia obter como mínimo 5 puntos. Segunda convocatoria: As competencias non adquiridas na primeira convocatoria serán avaliadas na segunda (xullo). De non superar esta última convocatoria, non se guardarán as puntuacións obtidas. Responde ás mesmas esixencias e probas realizadas na primeira convocatoria.

Datas de exames: Consultar <http://fcced.uvigo.es/es/docencia/examenes/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cury, A., **Padres brillantes, maestros fascinantes. No hay jóvenes difíciles sino una educación inadecuada.**, Planeta, 2013

Martín, X. e outros, **Tutoría. Técnicas, recursos y actividades.**, Alianza Editorial, 2008

Parejo, J.L., Pinto, J.M., **La orientación y tutoría escolar con familias: teoría y práctica. Modelos, áreas, estrategias y recursos**, Wolters Kluwer, 2015

Cano González, R. (coord.), **Orientación y tutoría con el alumnado y las familias**, Biblioteca Nueva, 2013

Informe de Investigación del Ministerio de Trabajo y Asuntos sociales y Universidad de Oviedo, **Estrategias para prevenir y afrontar conflictos en las relaciones familiares (padres e hijos)**, OBSERVATORIO DE LA INFANCIA, colección Observatorio de la Infancia, Nº 3, 2006

Martínez González, R., **Programa Guía para el desarrollo de competencias emocionales, educativas y parentales.**, Ministerio de Sanidad y Política Social Secretaría General De Política Social, Secretaría General Técnica Catálogo de Publicación, 2009

Bibliografía Complementaria

ALCAZAR, J.A., **HIJOS, TUTORES Y PADRES**, 3ª - EDICIONES PALABRA. ITERALIA S.A. Madrid, EDICIONES PALABRA. ITERALIA S.A., 2003

PORTALES EDUCATIVOS, **EDU.XUNTA.ES y otros**,

VV. AA., **LA ATENCIÓN FAMILIAR DESDE LOS ORIENTADORES ESCOLARES: TEORÍAS, MÉTODOS Y HABILIDADES**, CEP. Madrid, CEP, 2008

MÉNDEZ, H., **EL ROL DEL TUTOR COMO PUENTE ENTRE LA FAMILIA Y LA ESCUELA**, MAGISTERIO DEL RIO DE LA PLATA. Buenos Aires, MAGISTERIO DEL RIO DE LA PLATA., 2007

CATARSI, E., **PEDAGOGÍA DE LA FAMILIA**, IN-FAN-CIA - OCTAEDRO, 2008

Méndez Zaballos, L. e Ruiz, J.M., **La tutoría en Educación Infantil**, Wolters Kluwer, 2008

Alvarez gonzález, M. y Bisquerra Alzina, R. (Coords), **Orientación Educativa. Modelos, ÁREAS, ESTRATEGIAS Y RECURSOS.**, Wolters Kluwer, 2012

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Educación: Organización do centro escolar/P02G110V01203

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación infantil/P02G110V01102

Outros comentarios

É convinte certo dominio da ofimática en canto/relación o manexo de aplicacións de carácter xeral (tratamento de textos, internet, programa de presentación, ...). Por outra banda os estudantes tamén deben ter coñecementos mínimos do uso da biblioteca (saber realizar búsquedas de información bibliográfica, bases de datos, etc.).

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

As actividades e metodoloxías docentes que impliquen presencialidade do alumnado poderán ser realizadas en modalidade telepresencial, a través do campus remoto da Universidade de Vigo.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Poderán ser modificadas, de precisarse, aquelas actividades que impliquen imposibilidade de respecto ás medidas preventivas dos riscos sanitarios, en especial a Lección Maxistral, debido ao alto número de alumnado.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

En xeral favorecerase a realización das titorías [online] o por correo electrónico. De non ser posible, tanto o profesor ou profesora como o estudante, utilizarán máscara e manterán entre eles, se é posible, unha distancia de 1,5 metros

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Manteranse todas as probas descritas na avaliación, sendo posible a súa adaptación para a realización a través de medios telemáticos (videoconferencia, foros, Moovi...).

A Proba escrita, cun peso do 30% da cualificación, poderá ser realizada mediante ferramentas informáticas dispoñibles (Campus remoto e Moovi)

* Información adicional

Ante a imprevisibilidade do escenario académico do curso, informarase dos cambios e modificacións puntualmente a través da plataforma MOOVI.